



Compostela
Cultura

A VOZ A ESCENA

XORNADAS DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA 2023

01-27/06/2023



01.06 | 19:00 h

Sala Mozart. Auditorio de Galicia

AS DRAMATURXIAS VOCAIS FÓRA DA ÓPERA

Rosa María Fernández, musicóloga

01.06 | 20:00 h

Praza de Praterías (En caso de choiva, no Auditorio de Galicia)

ÓPERA NA RÚA

Obras de K. Weill e A. Piazzolla

Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela

Coa colaboración de Amigos da Ópera de Santiago de Compostela

02.06 | 20:30 h

Cemiterio de Bonaval (En caso de choiva, no Auditorio de Galicia)

O PODER DAS PALABRAS

Lúa Mosquera, poesía

Javier Otero, piano e electrónica

*Estrea absoluta

09.06 | 20:30 h

Sala Mozart. Auditorio de Galicia

ÓPERA DE PETO

Arrosa Xuriaren Artean de Francisco Domínguez

BilbaoSinfonietta

13.06 | 20:30 h

Sala Mozart. Auditorio de Galicia

DO MAR E A NOITE

Trío Preseli

Obras de A. Randall** e F. Buide*

*Estrea absoluta **Estrea en España

14.06 | 19:00 h

Sala Mozart. Auditorio de Galicia

AS DRAMATURXIAS VOCAIS NA ÓPERA

Rosa María Fernández, musicóloga

16.06 | 17:30 e 19:00 h

Escenario Sala A. Brage. Auditorio de Galicia

PATIO DE XOGOS: UNHA GRAMÁTICA DOS COIDADOS

Pulso Ensemble

*Estrea absoluta da nova instrumentación e texto en galego

20.06 | 20:30 h

CGAC

MÚSICA DE VANGARDA

Ensemble Liberdade

22.06 | 20:30 h

Teatro Principal

PAPAGENA

Iago Hermo

ButacaZero

27.06 | 20:30 h

Teatro Principal

INSOMNIA

Óscar Carmona

Vértixe Sonora

*Estrea absoluta

Todas as actividades son de balde ata completar a capacidade dos espazos.

01/06_19:00 H

SALA MOZART. AUDITORIO DE GALICIA

**AS DRAMATURXIAS
VOCAIS FÓRA DA ÓPERA****ROSA M^a FERNÁNDEZ**

Musicóloga

O *canto recitado*, o canto sen alturas, o canto de harmónicos, o *parlato*, o *recitado parlato* ou o murmuro son novas formas de vocalidade que asolagaron a escena desde que a experimentación e a vangarda ampliara o canon do canto escénico. Isto supón tamén unha nova concepción dramaturxica da voz que vai máis aló do cabaré, do teatro musical ou das formas escénicas híbridas. Que expresan nas súas obras os compositores e as compositoras que abordan estas formas de arte é o tema da primeira charla destas Xornadas, centrada na poética de Luciano Berio, Luigi Nono, Laurie Anderson, Yoko Ono e Georges Aperghis así como das novas vocalidades escénicas como a animación vocal en 3D ou a meta ópera.

Rosa M^a Fernández

É licenciada con grao en Historia e Doutora en Musicoloxía pola UAB. Mestrado en Dereito da Unión Europea e Mestrado en Operacións de Intelixencia e Contraintelixencia.

Neste ámbito forma parte do grupo académico internacional sobre Crises Internacionais e é analista do CESEG. É investigadora en análise de música contemporánea do Instituto de Recherche Musical da Sorbonne e Académica da Reial Acadèmia Catalana de Belles Arts de Sant Jordi desde 2006, sendo a persoa máis nova en ingresar en España nunha Real Academia. Foi bolseira en distintos organismos para realizar investigacións musicais en Cidade de México, Barcelona e Bruxelas. Foi membro de tres proxectos internacionais de I+D e profesora de Doutoramento de Música na USC. Centrou gran parte das súas investigacións na música contemporánea, especialmente en análise e novas dramaturxias escénicas, do que impartiu numerosos cursos. Nestes ámbitos, escribiu varios libros e publicou máis de 30 artigos científicos, especialmente en España e Italia. Actualmente desenvolve unha investigación sobre dramaturxia



contemporánea na Università de Musicología de Milán e ten rematado un libro sobre composición contemporánea en Galicia, encargo da Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia. Desenvolveu distintos proxectos relacionados coa interacción da música e as artes audiovisuais. Neste eido, comisariou proxectos para a Orquesta Nacional de España, o Auditorio Nacional de Madrid, o Centre de Musica Contemporania de Barcelona ou o Govern de Andorra. Entre os

proxectos que ten comisariado para o CGAC, destacan a instalación Sonora en 12 canales *ARGOT Laberinto fluido*, encargada polo propio CGAC, premiada polo Instituto Cervantes e posteriormente levada ao Museum Weserburg de Bremen, á Fonoteca Nacional de México, á CAAM-San Antonio Abad e aos Institutos Cervantes de Frankfurt e Bruxelas.

01/06_20:00 H

PRAZA DE PRATERÍAS

En caso de choiva, no Auditorio de Galicia

ÓPERA NA RÚA

Kurt Weill (1900-1950)

Kleine Dreigroschenmusik (1928)

Astor Piazzolla (1921-1992)

María de Buenos Aires (1968)

O concerto é apoiado pola Asociación de Amigos da Ópera de Santiago de Compostela.

BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

David Fiuza, director

Clara Panas, soprano

Brais González, piano

Nerea Rodríguez, acordeón

Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela

A Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela é unha das máis antigas de Galicia, xa que nace en 1848 como agrupación de afeccionados ata que, en 1876, en mans do Concello, comeza a profesionalizarse. As súas actividades máis importantes eran os concertos, denominados paseos, na Alameda ou na Rúa do Vilar, as festas da cidade, as procesións de Semana Santa e os seus concertos, no Teatro Principal na temporada de inverno. Estas actividades seguen a celebrarse na actualidade, e inclúen ademais concertos didácticos, intercambios culturais e actos protocolarios do Concello.

Clara Panas, soprano

Nace en Trifáuti (Moldavia), realiza estudos de canto, piano, dirección de coro e foi profesora de linguaxe musical no Conservatorio Estatal Stefan Neaga de Chisináu. Tras a súa graduación en 1994, continúa coa súa formación en Romanía, na Universidade de Música de Bucarest, onde obtén o Título Superior en Canto e o Mestrado de Solista. Completados os seus estudos, dá os seus primeiros pasos como profesional na Filharmónica George Enescu: como membro do Coro e como solista. Entre 2000 e 2004, forma parte da Operetten Bühne de Viena, coa que realiza xiras por Alemaña, Austria, Suíza, Holanda, Xapón, China e Francia. En 2007, trasládase a España



onde asiste a cursos de interpretación vocal impartidos por Alberto Zedda e Renata Scotto e ofrece recitais como solista con piano e acompañada por distintas formacións corais d'A Coruña, onde reside. Compaxina o seu labor concertístico coa docencia en distintas escolas e institucións da cidade galega.

Brais González, piano

Brais González é un dos pianistas máis eclécticos da súa xeración, cunha carreira dividida entre a interpretación clásica, un extenso labor como acompañante e músico de cámara e un interesante percorrido como compositor e creador de realidades sonoras que procuran xuntar universos estilísticos diversos, desde a música

contemporánea ao folque, o *indie* ou a música cinematográfica. Inicia os seus estudos de piano en Vigo con A. Jurgelionis, A. Dvarionaitė e R. Biveinis, con quen tamén estuda composición. Continúa a súa formación na Universidade Mozarteum de Salzburgo baixo a dirección do pianista Rolf Plagge, completando os seus estudos nos Conservatorios Superior de Vigo con Severino Ortiz e de Oviedo. Asistiu a clases maxistras con profesores e concertistas, entre os que destacan O. Yablonskaya (Juilliard School de Nova York), V. Margulis (UCLA), G. Egiazarova (Escuela Superior de Musica Reina Sofia), Luiz de Moura (Hartford School), J. Kanno, N. Sivelov, L. Morales, J. Andrejevas, R. Dokshitsky, C. Marqués, V. Dumilescu e Luis Fernando Pérez.

Ten recibido premios e galardóns en festivais e concursos tan importantes como o Concurso Internacional Ciudad de San Sebastián, Concurso Internacional Cidade de Ferrol, premio especial da Fundación Musical de Málaga á mellor interpretación de música española, primeiro premio na categoría absoluta do Concurso Internacional do Real Club Náutico de Vigo, X Concurso Internacional Ricard Viñes, I Concurso Asociación Galega de Intérpretes, XII Concurso Internacional María Campina e o do Alto-Minho, ambos en Portugal, Concurso Rexional para Novos Intérpretes Real Club Náutico de Vigo, en tres edicións e IV Concours International Nikolai Rubinstein de París. Ten actuado como solista en diversas cidades de España, así como en Portugal, Francia, Austria e Alemaña. Consagrado ao seu labor como pianista acompañante e músico de cámara, o seu traballo en diferentes conxuntos levouno a estar presente nos principais festivais galegos e a actuar tamén en Holanda, Bélxica, Noruega, Polonia, Lituania, Letonia, Estonia, Eslovaquia, Hungría, Serbia, Reino Unido e Italia.

Nerea Rodríguez, acordeón

Naceu en Pontevedra e cursou estudos musicais de nivel profesional e elemental no Conservatorio Profesional de Música da súa cidade co profesor Marcos Padrón, obtendo o premio extraordinario de fin de grao. Participou como solista e en diversas formacións en concertos celebrados no Teatro La Estación, o Auditorio Eduardo del Pueyo, a Sala Mozart e o Auditorio de Ibercaja de Zaragoza, a Fundación Juan March de Madrid, ademais de actuar como solista coa Orquesta del Curso Internacional de Música de Segovia, dirixida por Manuel Tevar e a Orquesta JOBS de Zaragoza, baixo a dirección de Antonio Lajara no Auditorio de León. En 2014, foi seleccionada para participar no IV Festival de Peregrinos Musicales onde tocou soa en lugares como a Catedral, a Cidade da Cultura e o Teatro Principal de Santiago de Compostela ademais da A Casa do Saber en Lugo. Neste festival tamén colaborou con membros da Fundación Rostropovich e Spivakov. Recibiu clases maxistras de compositores e intérpretes como Teodoro Anzellotti, Vely Kujala, Sofia Gubaidulina, Mika

Vayrynen, Beat Furrer, Esteban Algora, Mauricio Sotelo, Jens Peter Maintz, Stefan Hussong, Janne Rattya, Alexey Artemiev, entre outros.

David Fiuza Souto, director

Comeza os estudos musicais na Banda Artística de Merza. Obtén o Grao Superior de Clarinete (Conservatorio Superior de Vigo), Grao Superior de Dirección de Banda (Hogeschool Muzik Zuyd de Maastricht), e o Grao Superior de Dirección de Orquestra e Coro (Conservatorio Superior Joaquín Rodrigo de Valencia); ademais realizou estudos de composición no Conservatorio Superior de Vigo. Empeza e estudar dirección aos 15 anos con Marcel van Bree, e fórmase cos mestres Jan Cober e Pascual Vilaplana. Foi director titular da Banda Unión Musical de Meaño, a Banda Sinfónica do CIM La Armónica de Buñol, a Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas, a Banda Artística de Merza, a Banda de Lalín e a Banda de Música Municipal de Lugo (en excedencia). Ademais traballou como profesor asociado do Conservatori Superior de les Illes Balears, director titular

do Mallorca Saxophone Ensemble, Serenade Ensemble e do Cor Valencià de Clarinets. Ten sido invitado a dirixir programas coas Bandas Municipais de A Coruña, Madrid, Pontevedra, Ourense e Palma de Mallorca e outras formacións como Norwegian Wind Ensemble, Gran Canaria Wind Orchestra, Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas, Banda Sinfónica Xuvenil da Federación Galega, Orquestra Simfónica da Companhia Portuguesa da Opera, Orquestra Filharmónica Cidade de Pontevedra, Orquestra Sinfónica do CIM La Armónica de Buñol, Orquestra Xoven Vigo 430, diversas bandas sinfónicas de Estàgios en Portugal, e outras bandas amadoras en Galicia, Cataluña e Comunidade Valenciana. Actualmente é director titular da Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, da Gran Canaria Wind Orchestra e da Banda Sinfónica Galega.

02/06_20:30 H

CEMITERIO DE BONAVAL

En caso de choiva, no Auditorio de Galicia

O PODER DAS PALABRAS**LÚA MOSQUETERA**

Poesía

JAVIER OTERO

Piano e electrónica

O poder das palabras é un proxecto artístico que mestura a poesía e a música. A escritura máis actual recitada en directo, combinada coa música contemporánea para piano só. Os textos de Lúa Mosquera son coñecidos pola meirande parte do público mozo, que acude a escoitala pola súa temática actual, feminista e de defensa dos dereitos globais. Javier Otero Neira, artista coñecido polo público da música clásica e experimental, adéntrase na composición de música para piano só, cunha estética contemporánea creando unha simbiose artística que, de seguro, non deixara a ninguén indiferente.


Lúa Mosquera

Activista da palabra armada e creadora do reguetón feminista, entre moitas outras cousas, Lúa Mosquera é unha poeta de Miño acostuada a facer dos seus recitais en vivo a escusa

ideal para que o seu verbo se volva salvaxe e perigoso. Desta necesidade natural por facerse expresar, xorde un cuadrilátero poético sen medias tintas. Cara a cara no que o público sucumbe a brutais estoupidos de intensidade a quemarroupa, sentimentos pasionais que traspasan a súa proximidade ao noso día a día. Do seu poemario, tecido en cadencia libre, establécese a conexión directa con cada un dos mecanismos de comportamento que nos rodean continuamente, e que Lúa axita nas súas intensas liñas torcidas. Ou, como ela dí: “Un poema é unha fotografía dun sentimento que, levado ao papel, dura para sempre”.

Javier Otero Neira

Javier defínese a si mesmo como un artista polifacético e experimental. De formación clásica sempre estivo interesado na música de vangarda e en diversos estilos. A súa versatilidade



e interese en todo tipo de música levouno a asinar o seu contrato como Artista Yamaha en 2018. Gañador de primeiros premios en concursos nacionais e internacionais, decide emprender o seu propio camiño no mundo profesional. Dende hai anos apostou pola creación do seu propio selo discográfico co que sacou ao mercado: *Impromptus*, *Galician Folk Songs*, *Vibrations*, *Intuition vol.I&II*, *Nocturnos*, *Cantigas*

dos Arrieiros e Reconstruction, *Saraiba* e *Variaciones* co produtor malagueño Cheap Monk. En febreiro de 2023 presentou o proxecto *Xogo de Espellos* coa Real Filharmonía de Galicia.

09/06_20:30 H

SALA MOZART. AUDITORIO DE GALICIA

ÓPERA DE PETO**BILBAOSINFONIETTA**

Iker Sánchez Silva, director

Jone Martínez, voz

Javier Roldán, clarinete

María Zubimendi, acordeón microtonal

Belén Fernández, violoncello

Francisco Domínguez (1993)

Arrosa Xuriaren Artean (2021)

Unha “ópera de peto” escrita por Francisco Domínguez, para voz lírica e formación instrumental reducida cunha estrutura non lineal na que entrelazan diferentes historias tradicionais de Euskal Herria, recollidas en forma de baladas na antoloxía *Euskal Baladak* de Jabier Kalzakorta (1961).

BilbaoSinfonietta

BilbaoSinfonietta é unha orquestra de cámara polivalente e flexible capaz de abranguer a música clásica-contemporánea en diferentes contextos e cunha clara dirección: chegar ao corazón da cultura de hoxe a través de versións coherentes e arriscadas.

A posta en escena de obras como *A historia dun soldado* de Stravinski (Palacio Euskalduna e Palau de Congressos de Castellón, 2018), *Pierrot Lunaire* de A. Schönberg (Fundación BBVA, Bilbao 2019), *Reencuentro en Danza* xunto á bailarina Lucía Lacarra (Teatro Arriaga 2020) ou *Bariolage Sauvage* de M. Chamizo (estrea absoluta no X Circuito Musikagileak, Donostia 2021), dan fe da enorme versatilidade que atesora a agrupación. En 2021, a formación segue encadeando proxectos de prestixio como o *Réquiem* de W. A. Mozart (Palacio Euskalduna, Bilbao), *Os Sete Pecados Capitais* de Kurt Weill / Bertolt Brecht (Teatro

Arriaga Antzokia, Bilbao) ou a estrea absoluta das óperas de cámara en euskera *Arrosa Xuriaren Artean* (Francisco Domínguez) e *Bigarren Sexua* (Asier López Iraola). Esta última converterase no segundo traballo discográfico tras a recente estrea de *Falla 1915* na Filharmónica de Bilbao. Entre os seus vindeiros proxectos, interpretará *Alzira* de G. Verdi na presente temporada de ABAO Bilbao ou *Pierrot Lunaire* de A. Schönberg na 82a edición da Quincena Musical de Donostia-San Sebastián.

Jone Martínez, voz

A soprano de Sopela comezou a súa formación con Olatz Saitua no Conservatorio Juan Crisóstomo de Arriaga de Bilbao. É licenciada en Pedagogía da Linguaxe Musical e Educación Musical polo Conservatorio Superior de Música do País Vasco Musikene, onde finalizou os seus estudos de canto con Maite Arruabarrena e Maciej Pikulski, recibindo o Premio Fin de Estudos Kutxa ao mellor expediente en interpretación clásica. Especializada posteriormente en música antiga da man do contratenor Carlos Mena, xuntos interpretaron programas de dúos e cantatas nos ciclos de música

antiga da Quincena Musical de San Sebastián e a Semana de Música Antigua de Vitoria. A voz de Jone Martínez é habitual en Conductus Ensemble, Capilla Santa María, Pasamezzo Antico e Soinuaren Bidaia, e solista invitada nas orquestras sinfónicas de Galicia, Burgos, Navarra, Granada e Orquesta Barroca de Sevilla. Ten actuado na Semana de Música Religiosa de Cuenca, FIAS, Teatro Arriaga, Palacio Euskalduna, Auditorio Manuel de Falla, Baluarte, Palacio de la Ópera de A Coruña e un longo etcétera. Durante a temporada 2020 interpretou coa Orquestra Sinfónica de Galicia o *Magnificat* e o *Psalmos Tilge Höchst* de Bach; encarnou a Euridice en *Orfeo e Euridice* de Gluck xunto á Orquesta Ciudad de Granada, a cantata *Herminie* de Arriaga no Musika Música de Bilbao e protagonizou a obra *Vivaldi, poema para cuerda y dos voces* baixo a dirección escénica de Calixto Bieito.

Iker Sánchez Silva, director

Director artístico de BilbaoSinfonietta e musical de Opus Lírica, ten dirixido prestixiosas orquestras como a Nacional de Catalunya, Bilbao, Euskadi, Principado de Asturias, Tenerife, Porto, Bayonne-Côte Basque,



Ciudad de Pamplona, Montenegro, Concertus Alius Berlín, Oviedo Filarmonía ou a Orquestra da Universidade Humboldt de Berlín. Formado como instrumentista en San Sebastián, Burdeos e Múnic, compaxina clases de dirección cos mestres Peter Eötvos, Szolt Nagy, Jesús López Cobos e Arturo Tamayo co seu labor como

asistente de grandes nomes da dirección orquestral como Raymond Leppard, Frühbeck de Burgos, Juanjo Mena, Vasily Petrenko, Pablo González ou Michael Jurowsky, nas orquestras Boston Symphony, Los Angeles Philharmonic, Orchestre Philharmonique de Luxembourg ou Royal Liverpool Philharmonic Orchestra. No eido da música



escénica dirixiu títulos como *A frauta máxica* e *Don Giovanni* de Mozart, *O elixir de amor* de Donizetti, *El Caserío* de Guridi, *El Amor Brujo* de Falla, *Os sete pecados capitais* de Kurt Weill, *O esquío esperto* de N. Rota ademais das recentes estreas de dúas óperas en euskera *Bigarren sexua* de Asier López Iraola e *Arrosa Xuriaren Artean* escrita por Fran

Dominguez. Entre os seus proxectos destacan as gravacións xunto á Sinfónica de Bilbao, Sinkro Ensemble ou BilbaoSinfonietta, ademais da dirección musical de producións como *Pagliacci* de Leoncavallo, *Dido e Aeneas* de Purcell, *Pierrot Lunaire* de Schönberg ou a estrea dunha nova ópera de José María Sánchez Verdú.

13/06_20:30 H

SALA MOZART. AUDITORIO DE GALICIA

DO MAR E A NOITE

Anthony Randall (1930)

Three Poems (2010) **

Do Not Go Gentle Into That Good Night (2000)**

Fernando Buide (1980)

Nao de sangue* (obra encargo do Trío Preseli)

*Estrea absoluta **Estrea en España

TRÍO PRESELI

María Hinojosa, soprano

Simon Lewis, trompa

Daniel Pereira, piano

Serán estrea en España as dúas obras do compositor galés Anthony Randall. A primeira delas, *Three Poems*, sobre versos de Geraint Jones, unha obra rodeada de traxedia con sobrecolletores poemas de perda e anhelo escritos meses antes da prematura morte do escritor en Normandía. E *Do Not Go Gentle Into That Good Night*, o poema de Dylan Thomas, unha obra mestra da lingua inglesa, traducida a varios idiomas e coñecida mundialmente, inspirada na morte do seu pai. O Trío Preseli realizou unha encarga ao compositor compostelán Fernando Buide sobre textos de poetas galegos.

Trío Preseli

O Trío está formado pola soprano María Hinojosa Montenegro, o pianista Daniel Pereira e o trompista Simon Lewis. Estes músicos son solistas e especialistas nos repertorios de música de cámara e orquestra, e xuntos gravaron dous tríos do galés Anthony Randall, cuxo traballo aportou obras de gran beleza e sentimento ao repertorio desta agrupación. O Trío Preseli tamén presenta novas e apaixonantes interpretacións de obras mestras para esta orquestración, como *Auf Dem Strom* de Franz Schubert ou *Alphorn* de Richard Strauss. Esta flexibilidade para mesturar repertorio establecido e obras de encarga é o selo deste ensemble.

**María Hinojosa Montenegro, soprano**

Licenciada en canto e *lied* e premio fin de carreira na ESMUC, foi nominada Mejor Actriz Musical en 2007 e 2011 e gañadora do Premio da Crítica nos Premios Butaca. Ten cantado en Musikverein, Theater an der Wien, Colón de Buenos Aires, Arena de Verona, Opera Philadelphia, Liceu, Auditori, Palau de la Música, Palau de les Arts, Teatro Real e Auditorio Nacional baixo a dirección de Pons, Heras Casado, Marriner, Bolton, Antonini, Onofri, Dantone o Alessandrini, Biondi. En escena traballou xunto a Albertí, La Fura dels Baus, Els Comediants, Negrín, Carsen ou Pasqual. En 2017 debutou

no Musikverein co Concentus Musicus Wien. Ten gravado xunto a Garrido, Dantone, García Alarcón e Cappella Mediterránea, zarzuelas barrocas dirixidas por Pablo Heras Casado e discos coa Orquesta Barroca de Sevilla baixo a dirección de Onofri e Moretto, e rexistros para RNE, Catalunya Radio, BBC Radio, Radio France e ORF.

Simon Lewis, trompa

O trompista galés Simon Lewis estudou no Royal Welsh College of Music e na Zürich School of Arts e traballou en orquestras como Welsh National Opera, Malaysian Philharmonic Orchestra, Tonhalle Orchestra Zürich, Gürzenich Orchestra

de Colonia, Real Filharmonia de Galicia ou Sinfónica de Galicia. Participa en festivais de música de cámara como Return Festival en Yerevan (Armenia), Jyväskylä Chamber Music Festival en Finlandia ou European Music Festival en Neerpelt, Bélxica. Foi invitado como asistente do Profesor Nigel Downing no curso Singing on the Wind entre 2010 e 2013. É trompista da Staatsorchester Rheinische Philharmonie en Koblenz, Alemaña e da Oviedo Filarmonía. É un dos membros fundadores do Ensemble ConcertArt e como solista ten interpretado concertos de Mozart, Bowen, Arnold e Rosetti en Gran Bretaña e Suíza.

Daniel Pereira, piano

Pianista, profesor e investigador, Daniel Pereira realizou un doutorado en artes musicais na Universidade de Maryland, un mestrado na Universidade de Hartford e un diploma de artista na Estatal de Nova York. Lanzou o dobre CD 90 *Scriabin Complete Piano Preludes*

para Odradek Records do que Melómano destacou o seu “pianismo realmente delicioso” e Ritmo que “Pereira ofrécenos a alma de cada obra.” Os International Piano Archives at Maryland publican o seu proxecto *Tradiciones Pianísticas*, así como Melómano Digital en España. International Piano publicou o artigo *Rooted in Tradition* sobre o mesmo proxecto. Pereira editou *We Can't Always Play Waltzes* para Carl Fischer e *The Teaching of Alfred Cortot* para Clavier Companion. Residiu 14 anos en EEUU e en Londres, foi pianista da ESAD de Málaga e do Real Conservatorio de Danza Mariemma de Madrid. É profesor do Conservatorio Profesional de Vigo.



14/06_19:00 H

SALA MOZART. AUDITORIO DE GALICIA

ROSA M^a FERNÁNDEZ

Musicóloga

**AS DRAMATURXIAS
VOCAIS NA ÓPERA**

Di un aserto que o que non se nomea non existe; pero aínda hai algo peor; que exista e que non se nomee, ben por descoñecemento, ben para invisibilizalo. A ópera no século XXI afírmase como unha das expresións artísticas que con maior fondura reflexiona sobre a problemática que atravesa ao ser humano: as sexualidades marxinadas, o cambio climático, as sociedades 'hipertecnoloxizadas' ou a soidade dos anciáns. A ópera convértese nun potente vector do cambio dentro das artes, dado o poder transformador

que teñen a música, o texto e a escena conectados ao mesmo tempo. A segunda e última charla destas Xornadas céntrase en dar a coñecer estas óperas, das que apenas chega un velado eco a pesar de situarse moitas delas no centro do debate social. *Alexina B* de Raquel García-Tomás, *CO2* de Giorgio Battistelli, *Orgia* de Héctor Parra ou *As one* de Laura Kaminski son algunhas delas.



16/06_17:30 H E 19:00 HESCENARIO SALA A. BRAGE
AUDITORIO DE GALICIA**PATIO DE XOGOS****PULSO ENSEMBLE**María Domínguez, piano,
teclados e performancePablo Paz, batería,
percusión e performancePedro González, violín,
composición e multimediaSara Méndez, saxofóns
e performance

Anxo Outomuro, actor

Pedro González (1991),
Patio de Xogos: Unha gramática
dos coidados**Estrea absoluta da nova instrumentación
e texto en galego

30 persoas en cada sesión

Patio de xogos: Unha gramática dos coidados é unha peza participativa de teatro musical de cincuenta minutos para un conxunto musical, actor, membros do público, electrónica e vídeo. Preséntase como un experimento de xogo interactivo onde a palabra funciona como fío condutor no que o público ten a oportunidade de participar xunto aos músicos nun conxunto de tres xogos e formar parte da actuación, guiado por un personaxe dixital e un mestre de cerimonias. A experiencia colectiva está deseñada para explorar os

aspectos competitivos, colaborativos e persoais do xogo, así como para comprometerse co coidado colectivo a través do son e a interpretación. O resultado é unha obra de teatro musical na que música, acción, imaxe e palabra coexisten para dar forma a un espectáculo reflexivo, divertido e creado cooperativamente.

Pulso Ensemble

Nace no ano 2019 como continuación do proxecto Container Galicia.

Centrado na música experimental de nova creación, Pulso aposta por



un discurso articulado arredor da contemporaneidade e da relación entre o individuo e a revolución dixital. Os integrantes de Pulso participaron nos principais festivais europeos dedicados á música de nova creación, traballando con algúns dos compositores máis importantes da escena internacional como Michael Beil, Simon Steen-Andersen, Alexander Schubert, Stefan Prins, José Manuel López López, César Camareiro, Fritz Hauser, François Sarhan ou Marko Ciciliani.

María Domínguez, piano

Especializada en música contemporánea, María desenvolve a súa carreira tanto como solista como en diferentes grupos orquestrais, música de cámara e proxectos interdisciplinares. Participou en festivais como: Festival de Imaxes Sonores (Bruxelas), Parcours Musicaux (Lille), Festival de Limburgo e Festival Música Sacra (Maastricht), entre outros. Foi galardoada e apoiada por numerosas institucións como Via Zuid Talenmakelaar, Schiting Cultural Entrepreneurchip en Maastricht, Fundación Conservatorio Maastricht, Art Buro Limburg e Festival

Peter de Grote. En 2017, María finalizou o Mestrado en Interpretación de piano clásico no Conservatorio de Maastricht coa cualificación de sobresaliente *cum laude*, e a especialización Contemporary Music through Western techniques no Conservatorio de Amsterdam.

Sara Méndez, saxofón

Sara é unha saxofonista especializada en música contemporánea e clásica. Gañadora do Concurso de música contemporánea do Royal College of Music 2018, estivo en festivais como a edición 2018 do Darmstadt Ferienkurse für Neue Musik (dentro da clase de Marcus Weiss), Ear to the Ground, SLOW Festival, Parcours Musicaux, Festival RESIS, Festival ME_ MMIX, Xornadas de Música Contemporánea de Compostela e o Festival de Saxofón de Mallorca. A súa faceta interpretativa levouna a colaborar con conxuntos e orquestras sinfónicas tales como ICTUS, CONTAINER, Container # Gal, Orquestra Sinfónica das Illas Baleares ou New Perspectives Ensemble.

Pablo Paz, percusión

Percusionista polifacético e multidisciplinar especializado en música clásica e música dos séculos XX e XXI, Pablo gravou e tocou coas súas formacións en diferentes teatros e festivais de Francia (Mezzo TV, Radio France e Opera de Lille), Alemaña (Festival Europeo de Dusseldorf), Países Baixos (Festival de Limburgo, Festival Let' s Catch Up, Teatro AINSI...), Bélxica (Theatre de Liège, A Monnaie, Flanders Opera, Opera of Wallonia, Luxemburgo ou España (Merza Percusión Festival, Festival de Música Actual de Badaxoz, Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela) entre outras salas e teatros de Europa. No campo orquestral, actualmente traballa con algunhas das orquestras máis importantes de Bélxica: Orquestra Philharmonique Royal de Liège, Ópera Real de Valonia, Ópera e Ballet de Flandes e Ópera de A Monnaie (Bruxelas).

Pedro González, compositor multimedia e violinista

Activo en diferentes disciplinas dentro do campo da arte contemporánea, como a composición multimedia, a animación interactiva e a investigación científico-artística transdisciplinar. Pedro combina a performance coa vídeo-instalación, a danza, o teatro e o uso das novas tecnoloxías aplicadas á creación escénica. Os seus traballos presentáronse en diversos festivais internacionais, como Musikfest Hamburg (Elbphilharmonie), International Computer Music Conference, Sound & Music Computing Conference, GRAME-centre national de création musicale, Zither auf Zeche, Next generation-ZKM, Anachronisms, Impuls Festival Akademie ou Manifeste-Ircam, en diversos países como China, Alemaña, Estonia, Rusia, Suecia, Francia, Holanda e España. Actualmente, é profesor de Improvisación Multimedia na ESMUC de Barcelona e traballa como compositor e violinista independente.

20/06_20:30 H

CGAC

**MÚSICA GALEGA DE
VANGARDA NO SÉCULO XXI****ENSEMBLE LIBERDADE**

Elena Vázquez, violín
 María José Pámpano, viola
 Macarena Montesinos, violoncello
 Saúl Puga, contrabaixo
 Diego Alonso, saxo soprano
 Xosé Miguélez, saxo tenor e gaita galega
 Javier Pereiro, trompeta
 LAR Legido, batería e percusións
 Xacobe Martínez Antelo, dirección



Un ensemble de cámara composto por cuarteto de corda, trío de ventos e percusión. Nace como formato reducido da Orquestra Galega de Liberación, para profundar aínda máis na liña de traballo de esta. O Ensemble Liberdade usa técnicas avanzadas, para a composición en tempo real,

usando a improvisación como materia prima, e a procura de novos contextos nos que deconstruír os usos compositivos máis frecuentes. Unha mostra poderosa e actual da escena musical contemporánea e de como aínda é posible innovar no campo da experimentación sonora e musical.

22/06_20:30 H
TEATRO PRINCIPAL

PAPAGENA

Iago Hermo, música, libreto e dirección musical

Esperanza Mara (Papagena), soprano
Jacobó Rubianes Castelo (Papageno), barítono

Castiñeira & Carrodegúas, dirección artística

Diego Valeiras, deseño e confección vestuario

Ana Arteaga, escenografía e luz

Unha produción de ButacaZero

Papagena, ópera contemporánea de Iago Hermo (1992)

Subvencionada por Axencia Galega de Industrias Culturais da Xunta de Galicia (AGADIC)

Co apoio do Concello de Rianxo (Residencia Creativa)

Papagena é unha ópera electrónica do compositor galego Iago Hermo inspirada na parella de persoas-paxaro da célebre *A fruta máxica*, de Wolfgang Amadeus Mozart. A peza, na que Castiñeira e Carrodegúas asumen por primeira vez a dirección escénica dunha ópera, nace da vontade de afondar nos clichés de xénero presentes no eido da creación operística, mais tamén pretende rachar con outros clichés presentes no mundo da lírica: a lingua, os espazos de representación, o público destinatario ou mesmo o

formato, o vestuario ou a escenografía, que non contará con elementos analóxicos e basearase no espectralismo minimalista. O resultado: un espectáculo musicalmente inmersivo e visualmente contemporáneo que levará a ópera a vilas ás que non adoita chegar. E, por suposto, en galego.

Esperanza Mara, soprano

Natural da vila de Noia (A Coruña), iníciase na música tradicional da man de dúas das compoñentes de Leilía. Con



oito anos comeza estudos de música clásica. Con quince, ingresa no Orfeón Terra A Nosa. Pertenceu tamén á Compañía Lírica de Galicia, ao Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia e ao Coro da Orquestra Sinfónica de Extremadura. Finalizou o Grao Profesional de Canto e é Licenciada en interpretación na variante de canto polo Conservatorio Superior de Vigo. Como soprano quedou finalista nos concursos de Canto do Círculo Bach en Madrid e do Festival de Música Antiga

de Xixón. Acadou a Mención de Honra dos Premios David Rusell. Ten actuado nas mellores salas de concertos da nosa comunidade e países veciños, así como participado e en diversos festivais de prestixio internacional.

Jacobó Rubianes, barítono

Nace en Cambados (Pontevedra). Estuda piano e o grao profesional de canto en Vigo á vez que realiza os estudos de Grao Superior de Musicoloxía na mesma cidade.

Continúa e remata os estudos superiores de canto en Madrid da man de Federico Gallar, Susana Cordón e Alicia Nafé. En Vigo canta Goro na zarzuela *Los claveles*; participa no pastiche ideado e dirixido por Jose Antonio Campo en torno a Bach chamado *A alegría móvese*; canta Eneas na ópera *Dido e Eneas*; tamén é chamado para cantar o barítono solista da *Fantasia coral* de Beethoven coa Orquesta 430 no trinta aniversario da formación. Canta o rol de Ernesto da ópera *Il mondo della Luna* no Teatro Real, ou en *O barbeiro de Sevilla* en Santiago de Compostela mentres traballa na Orquesta e Coro de RTVE cos que canta partichinos e na formación coral. No seu repertorio figura tamén oratorio como solista do *Carmina Burana* da Fura dels Baus.

Iago Hermo, director musical

Iago Hermo é un compositor, pianista e director. Tras rematar os estudos de piano en A Coruña, foi bolseiro da Fundación SGAE para a realización dun mestrado en composición musical no Conservatorium Maastricht. Coa estrea en Maastricht da súa primeira ópera multimedia en 2019, *Cidade sen luz*, comezou a súa procura dun formato de ópera adaptado aos tempos actuais mediante o uso da música



electrónica e técnicas compositivas modernas, buscando desenvolver este xénero a través da innovación e da súa adaptación á realidade sociocultural e demográfica de Galicia.

Xavier Castiñeira, director

Licenciado en Dirección de Escena pola RESAD. Mestrado Universitario en Teatro e Artes Escénicas da Universidade de Vigo e case licenciado en Filoxía Hispánica na USC. Axudante de dirección de Manuel Lourenzo dende 1998 a 2001 e director da aula Universitaria d'A Coruña no ano 2000. Colaborador en numerosos proxectos de La Cuarta Pared durante a súa estada en Madrid, dende os seus inicios compaxina a súa labor creativa coa docente, impartindo aulas en grupos amadores, obradoiros de interpretación (de dirección e de investigación escénica) e por suposto, aulas regulares. Fundador da plataforma ButacaZero (da cal dirixe case o 100 % dos proxectos escénicos) dende o 2011 é docente na ESAD de Galicia (Especialidade Dirección).

Esther F. Carrodegas, directora

Graduada en Dirección e Dramaturxia pola ESAD de Galicia, Licenciada en Xornalismo entre Compostela e



Torino e Técnico Superior en Imaxe (EIS A Coruña), esta rianxeira de pura raza cabalga sobre os límites que separan os xéneros, sendo moitos dos seus textos difíciles de clasificar. Tras 10 anos traballando no sector audiovisual, decide cambiar o seu rumbo vital de cara ao teatro estudando interpretación en Espazo Aberto e na Escola Internacional da Comicidade. Nese momento entra na ESAD de Galicia, á vez que arrinca

o seu periplo profesional no mundo do teatro. Cunha decena de obras teatrais publicadas, os seus textos foron estreados tanto en ButacaZero como noutras compañías privadas (De Ste Xeito, Outubro Producións) e públicas (CDG e Teatro Español e para 2022, o CDN).

27/06_20:30 H
TEATRO PRINCIPAL

INSOMNIA

VERTIXE SONORA

Óscar Carmona, concepto, música, imaxes, textos (en colaboración con ChatGPT e outras intelixencias artificiais), electrónica en vivo

Enrique Martínez, voz

Pablo Coello, saxofóns

David Durán, teclados, sintetizadores

Diego Ventoso, percusións

Iván Ferrer, difusión sonora

Óscar Carmona (1975), *Insomnia** (2023)

*Estrea absoluta

Insomnia é un espectáculo musical, unha ópera contemporánea arredor da nosa actual condición de estar sometidos aos algoritmos que nos pechan en mundos de ficción e que nos afastan de todo vínculo co real. O torrente de información ao que estamos sometidos coas redes sociais é a nosa droga cotiá, o soma moderno que aumenta o ruído interior dos nosos pensamentos. Os algoritmos das intelixencias artificiais deciden por nós e modélanos. A modo de trama poderíamos supoñer que un suxeito solitario, pechado na súa habitación, intenta sobrevivir a unha sucesión interminable de noites de

insomnio producidas pola interacción coas redes sociais. No seu delirio, realiza accións sen sentido mentres grava e sube vídeos a *tiktok* sen conseguir *likes* nin seguidores. Así, secuestrado polos algoritmos e seducido polas intelixencias artificiais que o acompañan, convéncese de que toda a existencia non é máis que unha gran ficción, unha xigantesca conspiración e que el...

Vertixe Sonora

Desde a súa presentación en 2011 en Santiago de Compostela, Vertixe Sonora ten realizado 245 concertos e realizado 291 estreas absolutas de



220 compositores de 46 países. Unha década de producións propias e concertos por diferentes festivais e ciclos de España. O seu recoñecemento internacional permitiulle presentarse en escenarios de Alemaña, Estados Unidos, Francia, Hong Kong, Italia, México, Portugal, Suecia e Suíza. Premio Martín Códax 2016 de Música clásica contemporánea, o seu labor foi recollido nos documentais *Sonutopias* (campUSCulturae da Universidade de Santiago de Compostela, 2014), *Correspondencias Sonoras e A lira do deserto* (Manuel del Río, 2013 e 2020 respectivamente), este último en conmemoración do 60 aniversario do nacemento do compositor Enrique X. Macías. Ademais do CD coas obras finalistas do XXVI premio Jóvenes Compositores Fundación SGAE-CNDM, rexistrou para WERGO o ciclo Die Wanderung da compositora Lula Romero, e para o selo NEOS *The Dimension of the Fragile*, monográfico sobre o compositor Víctor Ibarra. Tamén para NEOS foi rexistrado durante o 2022 un monográfico do compositor colombiano Camilo Méndez que será publicado no 2023.

Óscar Carmona

Nacido en Santiago de Chile en 1975, este compositor, pianista e artista multimedia radicado en Alemaña, centra o seu enfoque actual no modo en que as tecnoloxías impactan na construción do real, illándonos, mecanizando e deshumanizando os nosos vínculos pero á vez proxectando e posibilitando transformacións que nos fan cuestionar os nosos límites como especie. Formado en Chile e en Francia (Cursus 1, IRCAM), Óscar desenvolveu creacións diversas e variadas, desde música para ensambles e orquestra ata obras interactivas e escénicas de carácter transdisciplinar. Nestas últimas, Óscar ten participado en múltiples roles tales como compositor, escritor, programador interactivo, performer, etc. Entre os seus proxectos máis grandes e relevantes dos últimos anos destacan *Microteatro Psicopático* (2016) para actor, ensamble e electrónica; *Autómata* (2017), para actriz, 2 músicos, proxeccións 3D, luces e electrónica; e *Artificial* (2022), para 3 músicos, sintetizadores e electrónica, esta última estreada por Vertixe Sonora e creada para eles grazas a una Bolsa de Ibermúsicas (2020). Actualmente desenvolve diversos proxectos vinculados co piano, a electrónica e as intelixencias artificiais.





www.compostelacultura.gal



facebook.com/CompostelaCultura/



instagram.com/compostelacultura/



youtube.com/c/CompostelaCulturaTV



twitter.com/CCultura